



INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS:
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA RESUMIDA 2022-23
(E REFORMADA SEGUNDO DIRECTRICES DA NOVA ORDE DE
AVALIACIÓN LOMLOE)

FeQ
2ºESO

PROFESOR	María José Fernández Vázquez		
CONTIDOS	<u>1º TRIMESTRE</u>	<u>2º TRIMESTRE</u>	<u>3º TRIMESTRE</u>
	-A materia e a medida -Estados da materia -Diversidade da materia	-Cambios na materia -Forzas e movementos -As forzas na natureza	-A enerxía -Temperatura e calor -Luz e sonido
CUALIFICACIÓN: instrumentos, ponderación, mecanismo de recuperación	<ul style="list-style-type: none"> • Probas obxectivas (exames): 65% • Proba de comprensión lectora (análise de texto científico): 5% • Traballos de investigación (rúbrica): 5% • Iniciativa: 5% • Observación: Interese/traballo diario (libreta de control): 20% <ul style="list-style-type: none"> • Haberá 2 exames por avaliación. A nota global das probas obxectivas será a media aritmética dos 2 exames. • Será obrigada a entrega de 1 traballo con exposición incluída. O alumnado decide cando o entrega, aínda que voluntariamente pode entregar máis. • Cando non se entregue nada de traballo nin de iniciativa, a porcentaxe de nota que lles correspondería acumularase ao apartado de OBSERVACIÓN DIARIA. • Copiar nun exame implica ser cualificado cun “cero” nesa proba. • Para obter a nota do boletín en cada avaliación procederase a un redondeo final, despois de aplicar todas as ponderacións correspondentes, a partir de 50 centésimas de punto. • Os indicadores de logro das rúbricas empregadas na corrección de traballos serán entregados e explicados ao alumnado ao principio de curso. • Haberá 1 proba de recuperación por avaliación, dentro das 2 semanas posteriores á finalización do trimestre suspendido. A última farase ao longo do mes de xuño, antes de que finalice o curso o día 21. Nela, o alumnado intentará recuperar a 3ª avaliación ou calquera das que lle quedaran suspensas, co fin de obter a cualificación global do curso. • Lémbrese tamén que as probas de recuperación só permiten avaliar o aspecto conceptual do currículo, o cal só supón un 65% da nota global final, polo que acadar un 5 na proba de recuperación non implica necesariamente ter acadado a avaliación positiva na materia. Será a suma dos outros aspectos avaliábeis os que determinen se, en conxunto o alumno/a acadou os mínimos necesarios. • A nota final do curso será a media das obtidas nas 3 avaliacións. Para o cálculo desta media teranse en conta as notas das probas realizadas durante todo o curso SEN REDONDEAR. 		

	<ul style="list-style-type: none"> • A temporalización da 3ª avaliación farase de tal xeito que permita obter unha cualificación da mesma coa antelación suficiente para levar a cabo unha hipotética recuperación de contidos da mesma ou de calquera das outras avaliacións se estas se suspendesen, antes de que finalice o curso o día 21 de xuño.
PLAN DE LECTURA	<ul style="list-style-type: none"> • Farase unha proba de comprensión lectora que suporá 0,5 ptos dos 10 totais. • Proporase unha serie de libros como lecturas recomendadas: <ul style="list-style-type: none"> -“los niños en la cocina”-Hervé This. -“¿Por qué el cielo es azul?: La ciencia para todos”-Javier Fernández Panadero. -“El origen del Universo”-Lucy&Stephen Hawking. -“La clave secreta del Universo”- Lucy&Stephen Hawking.
TIC	<ul style="list-style-type: none"> • O traballo coas ferramentas TIC será diaria ao estar o centro na plataforma dixital EDIXGAL
ACTIVIDADES COMPL. E EXTRAESCOLARES	<ul style="list-style-type: none"> • Tratarase de facer polo menos 1 saída ao longo do curso relacionada coa ciencia, ou cos procesos físicos ou químicos que nos rodean.